

ACTIVIDADES DEPORTIVAS



COMEZO DAS ACTIVIDADES

9 DE SETEMBRO



PRÁCTICA, DIVERSIÓN E SAÚDE!



DEPORTES@ARTEIXO.ORG



981 659 131 / 981 665 132

ACTIVIDADES DEPORTIVAS



PATINAXE EN LIÑA

Aprendizaxe do equilibrio, control e desprazamento sobre rodas. Mellora da coordinación, axilidade, e resistencia mentres se divirten.




PATINAXE ARTÍSTICO

Aprendizaxe e perfeccionamento de técnicas sobre patins de catro rodas. Traballa a expresión corporal, a coordinación, musicalidade e a creatividade.



FUTBIÑO

Iniciación e perfeccionamento do fútbol en formato reducido. Traballa a técnica, tácticas básicas, condición física, compañeirismo e traballo en equipo.



TENIS

Aprendizaxe dos golpes básicos, desprazamentos e normas do xogo. Mellora a coordinación óculo-manual, a concentración e a toma de decisións.



KUNG FU

Arte marcial que desenvolve a forza, flexibilidade, equilibrio, disciplina e autocontrol. Mellora a confianza, o respecto e a saúde física e mental.



XIMNASIA DEPORTIVA

Traballo de habilidades como saltos, xiros, equilibrios e acrobacias. Mellora a forza, flexibilidade, coordinación e autoestima.



JUDO

Arte marcial e deporte olímpico que ensina técnicas de defensa persoal. Fomenta o respecto, a disciplina, o autocontrol e o traballo en equipo.




XOGOS PSICOMOTRICES

Actividades lúdicas que desenvolven as habilidades motrices básicas, (correr, saltar, lanzar, recibir, equilibrarse...), a coordinación, a orientación espacial e o traballo en grupo dun xeito divertido.



BALONCESTO

Aprendizaxe dos fundamentos do baloncesto: bote, pase, tiro e defensa. Mellora a condición física, a coordinación e o traballo en equipo.



MULTIDEPORTE

Práctica de diferentes deportes e actividades deportivas que permite descubrir e disfrutar de varias disciplinas, mellorando as capacidades físicas xerais.

ACTIVIDADES EDUCATIVAS

COMEZO DAS ACTIVIDADES

9 DE SETEMBRO



981 659 121

981 659 122

educacion@arteixo.org

¡ESCOLLE A TÚA ACTIVIDADE FAVORITA!

ACTIVAMENTE



Xogos, retos, enigmas, quebra-cabezas, escape games e actividades manipulativas que desenvolven o razoamento lóxico, a atención, a memoria, a resolución de problemas e o cálculo mental de forma divertida.

INTELIXENCIA EMOCIONAL



Actividades, contos, dinámicas de grupo e xogos cooperativos para identificar emocións, mellorar a autoestima, fomentar a empatía e aprender ferramentas para a xestión emocional e a convivencia positiva.

TÉCNICAS DE ESTUDO



Aprendizaxe de métodos e estratexias para organizar o tempo, preparar exames, mellorar a comprensión lectora, realizar esquemas e resumos, potenciar a concentración e adquirir hábitos de estudo eficaces.

XOGOS DO MUNDO



Coñecemento e práctica de xogos tradicionais, cooperativos, populares, deportivos e de mesa de diferentes culturas, favorecendo o respecto á diversidade e o traballo en equipo.

TALLER DE CIENCIA INVESTIGAMOS



Realización de experimentos, desafíos científicos, observacións, e pequenas investigacións que descubrirán fenómenos naturais e científicos mediante a experimentación directa.

NOVAS TECNOLOXÍAS INFORMÁTICA



Uso práctico, creativo e responsable das tecnoloxías. Manevo do ordenador, programas e aplicacións, pequenas creacións dixitais, busca segura de información e desenvolvemento de competencias dixitais básicas adaptadas á súa idade.

MECANOGRAFÍA



E exercicios progresivos para aprender a escribir correctamente co teclado, mellorando a velocidade, a precisión e a postura de traballo.

COCIÑA DIVERTIDA



Elaboración de receitas sinxelas e creativas, aprendendo hábitos de alimentación saudable, medidas básicas, manipulación de alimentos e traballo cooperativo.

MANUALIDADES



Creación de obxectos decorativos, xogos, agasallos e traballos temáticos utilizando materiais diversos e fomentando a creatividade e a motricidade fina.

TALLER DE ARTE



Exploración de diferentes técnicas artísticas como debuxo, pintura, collage, modelado e expresión plástica para desenvolver a imaxinación e a capacidade creativa.

ROBÓTICA



Construción e programación de pequenos proxectos e retos tecnolóxicos adaptados á idade, fomentando a creatividade, o pensamento computacional e a resolución de problemas.

IDIOMAS



Aprendizaxe de vocabulario, expresión oral e comprensión mediante xogos, cancións, contos, retos e actividades dinámicas que facilitan o contacto natural coa lingua.

RITMOS MUSAIS



Actividades relacionadas coa percusión corporal, coordinación, movemento e creación musical para desenvolver o sentido do ritmo e a expresión artística.

GUITARRA



Aprendizaxe progresiva do instrumento, coñecendo acordes, ritmos, técnicas básicas e interpretación de cancións adaptadas ao nivel de cada participante.

PANDEIRETA



Iniciación no uso da pandeireta, aprendendo ritmos tradicionais, acompañamentos musicais e repertorio da cultura galega.

BAILE GALEGO



Coñecemento e práctica de bailes tradicionais galegos, traballando a coordinación, o ritmo, a expresión corporal e o patrimonio cultural de Galicia.

BAILE MODERNO



Aprendizaxe de pasos, coreografías e expresión corporal a través de diferentes estilos musicais actuais, fomentando a coordinación, a creatividade e a confianza persoal.

HABILIDADES SOCIAIS



Xogos, dinámicas e actividades participativas orientadas a mellorar a comunicación, a cooperación, a resolución de conflitos, o respecto, a escoita activa e o traballo en equipo.